

PRIMEIRA ALIANZA: PROGRAMA PARA O FORTALECIMENTO DOS VINCULOS TEMPERÁS



6 e 7 de Xuño de 2024
EGAP (Santiago de Compostela)

Formación organizada e coordinada pola **Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT)**.

Financiación de programas de interese xeral para fin de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF 2022, xestionado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia

Impartida polo equipo **Primera Alianza. Instituto Universitario de la Familia. Universidade Pontificia de Comillas.**

Dirixida aos profesionais da Rede Galega de Atención Temperá.

CONTEXTUALIZACIÓN:

A seguridade nas relacións afectivas temperás promove a saúde mental das crianzas e un mellor desenvolvemento. Adquirir as ferramentas de traballo necesarias para mellorar o vínculo entre pais/nais, e fillos/as, promover o desenvolvemento de capacidades parentais e aumentar a seguridade nas relacións, supón un importante factor de protección fronte ás adversidades futuras.

Primeira Alianza é un programa de intervención familiar, baseado na teoría do apego, cuxo obxectivo é fortalecer e/ou reparar a relación de apego entre menores de ^[1]_[SEP]1 a 6 anos e os seus cuidadores primarios. O programa está deseñado especialmente para a súa utilización con familias onde existe un risco psicosocial que afecta á calidade da vinculación temperá. A súa metodoloxía convérteo nun programa baseado na experiencia, sinxelo de aplicar, e xerador de transformacións internas nos cuidadores.

OBXECTIVOS:

1. Capacitar ás participantes na avaliación das interaccións neno/a- cuidador/a.
2. Capacitar ás participantes na avaliación das representacións parentais que guían as prácticas de crianza.
3. Capacitar ás participantes para o uso de videofeedback con pais e nais
4. Capacitar ás participantes para o diálogo centrado no vínculo e o ^[1]_[SEP]manexo terapéutico dos grupos de pais e nais.

CONTIDOS:

- Primeira Alianza a vista de paxaro: que, para que serve, como se fai, con quen se fai, etc.
- Avaliación da relación temperá (I): A lectura da Interacción
- Avaliación da relación temperá (II): A lectura das representacións
- Formulación de caso
- Principios básicos da prevención familiar
- Primeira Alianza: encadre e fases
- Manexo terapéutico dos grupos
- Construción de secuencias de videofeedback
- Estratexias de intervención

HORAS DE FORMACIÓN: 15

DATAS E HORARIO:

6/06/24: de 09:00h-19:00h

7/06/24: de 09:00h-18:30h

RELATORES:

- **Ana Berásategui Pedro-Vello:** Doutora en Psicoloxía. Especialista en intervención Psicolóxica no campo de exclusión. Investigadora no Instituto Universitario da Familia.
- **Amaia Halty Barrutieta:** Especialista en Psicoloxía Clínica infanto-xuvenil e en métodos de avaliación familiar. Investigadora no Instituto Universitario da Familia.

CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

NUMERO DE PRAZAS: 24

Formación gratuíta previa selección, baremación e distribución das prazas. Prégase non concorrer se non se compren os requisitos mínimos.

REQUISITOS MÍNIMOS PARA OPTAR Á SELECCIÓN:

1. Estar en posesión dunha titulación de grao esixible para traballar en Atención Temperá: psicoloxía, logopedia, pedagogía, maxisterio, fisioterapia, terapia ocupacional, educación social, traballo social, etc.
2. Estar traballando na actualidade na Rede Galega de Atención Temperá (RGAT)
3. Contar cunha experiencia mínima de 1 ano traballado na Rede Galega de Atención Temperá (RGAT)

SELECCIÓN DAS CANDIDATAS:

Realizarase partindo dunha primeira listaxe por rigoroso orde de inscrición, seleccionando 1 participante por unidade/servizo diferente, de tal xeito que se consiga

a participación do maior número de unidades/servizos da RGAT, ata cubrir o total de prazas.

CERTIFICACIÓN DO CURSO:

Imprescindible unha asistencia superior ao 75% das horas presenciais.

PRAZOS:

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: 15 de abril de 2024

PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES: 22 de abril de 2024 – 10 de maio de 2024

1. Solicitude a través do correo electrónico formacion@atenciontemprana.com
 - Asunto: Curso “Primeira Alianza”.
 - No apartado mensaxe:
 - Nome e apelidos
 - Perfil profesional
 - SAT no que está traballando actualmente.
 - Adxuntar **Certificado do tempo traballado na Rede Galega de Atención Temperá pola entidade correspondente.**

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE SELECCIONADOS: 20 de maio de 2024

A comprobación de requisitos, listaxes e resolucións será realizada pola comisión de formación da AGAT.

Prégase compromiso en firme de asistencia, tendo en conta o carácter gratuíto e excepcional da formación.